



## BORRADOR DO GUIÓN MARCO #1 PRIMARIAS E PROGRAMA PARTICIPATIVO

13 DE XANEIRO DE 2015

### 1. INTRODUCCIÓN

A Marea Atlántica nace dun desexo común: a revolución democrática. Revolución democrática é mudalo todo, decidindo entre todas e todos como deben ser eses cambios.

Durante os próximos tempos a Marea Atlántica afrontará moitos e moi diversos procesos de debate que afectarán diferentes aspectos do noso futuro, e todos eles deberán ir guiados pola democratización que defendemos a todos os niveis.

Un deses procesos é o xeito en que levaremos a cabo o asalto ás institucións no mes de maio. A democracia comeza no máis próximo, e o máis próximo non é só escoller entre unha candidatura ou outra, senón escoller tamén como se conforma e que programa de transformación das institucións e dende as institucións debe levar a cabo.

É preciso ter en conta que a Marea Viva remata o 8 de febreiro e a convocatoria de eleccións producirase o 31 de marzo. Dende o Grupo de Traballo de preparación da Marea Viva valorouse positivamente a idoneidade de que a candidatura fora pública os primeiros días de marzo.

## 2. CRITERIOS

- Participación en igualdade
- Garantir á pluralidade da Marea Atlántica, de xeito que ningunha das súas partes cope a candidatura
- Renovación
- Igualdade de oportunidades
- Transparencia
- Sistema comprensible de voto
- Estímulo da participación
- Formación dun equipo de goberno
- Solvencia do equipo de goberno
- Introducción de lóxicas cooperativas e non competitivas no proceso
- Centralidade dos obxectivos e dos principios básicos
- Protagonismo das mareas temáticas e de barrio
- Obediencia
- Non discriminación

## 3. PREGUNTAS

\* As preguntas con asterisco son de obrigada resposta

### Bloque de Primarias

#### 1. Censo

- a. Quen pode votar?\*
- b. Quen elabora o censo?
- c. Como se elabora e cando se pecha o censo?

#### 2. Aspirantes

- a. Quen pode presentarse?\*
- b. Necesita avais?
- c. Que requisitos debe cumprir un ou unha aspirante?\*
- d. Que criterios poden excluír un ou unha aspirante?\*
- e. Que compromisos asume a persoa aspirante?
- f. Que compromisos asume a Marea Atlántica coa persoa aspirante?\*
- g. As candidaturas serán individuais ou en listas? E de qué modo se configurarán?

#### 3. Igualdade de xénero

- a. De que xeito garantimos a participación en igualdade?\*

- b. Qué novos mecanismos podemos introducir para favorecer a participación en igualdade.

## 4. Arbitraxe

- a. Que órgano supervisa o procedemento de primarias?\*
- b. Como se conforma?\*
- c. Que funcións ten?\*
- d. Como as adopta decisións?\*

## 5. Postos a elixir

*Nota: na cidade da Coruña as listas están compostas por 27 titulares e 10 suplentes.*

- a. Á hora de votar, sobre cantos postos da candidatura podemos decidir? Sobre a lista completa ou sobre unha porcentaxe dos postos?
- b. Vótase por separado o/a cabeza de lista?
- c. Reservaríanse algúns postos simbólicos (ao final da lista) para persoas que tivesen especial relevancia pública e concitasen unanimidade na Marea? Como se decidiría finalmente a súa inclusión?

## 6. Número de candidatos/as

- a. Cantas persoas aspirantes pode haber por cada posto da candidatura?
- b. No caso de presentarse máis, como se corrixiría?

## 7. Campaña electoral das primarias

- a. Dereitos e deberes das persoas candidatas.\*
- b. Como se garante a igualdade de oportunidades?\*

## 8. Sistema de votación

- a. Que sistema de votación se empregará?\*
- b. De que xeito se garantirá o respecto á igualdade e a pluralidade da Marea Atlántica?\*

## 9. Xornadas electorais

- a. Como e onde se poderá votar?\*
- b. Como se garante a seguridade do proceso?\*
- c. Quen, como e cando fai o escrutinio dos votos?

## 10. Corrección de listas

- a. Aplicaranse criterios de corrección de xénero na lista ademais dos que prescribe a lexislación vixente?\*

## 11. Proclamación da candidatura

- a. Quen, como e cando proclama a lista?

## Bloque de Programa participativo

### 12. Calendario

- a. En que periodo se elaborará o programa participativo?\*
- b. En que fases?

### 13. Participación

- a. Que papel lles corresponde ás mareas temáticas e de barrio na presentación de propostas?\*
- b. E na elaboración do documento final?\*
- c. Crearíase un órgano encargado da coordinación da elaboración do programa participativo?\*
- d. Que funcións tería?\*
- e. Como se conformaría?\*
- f. De que maneira pode participar a cidadanía no seu conxunto na elaboración do programa?\*

### 14. Referendo

- a. Necesitaría o programa participativo un referendo final?\*
- b. Quen podería votar?
- c. Quen elaboraría o censo?
- d. Como se elaboraría e cando se pecharía?

### 15. Áreas

- a. En que áreas temáticas e territoriais se organiza o programa?

### 16. Presentación do programa electoral

- a. Quen, como e cando presentará o programa?\*